



## Que presbíteros para que Igrexa?

---

José Antonio Castro Lodeiro<sup>1</sup>

En maio de dous mil vinte e catro anunciouse a creación do Seminario Maior Interdiocesano «Apóstolo Santiago» por parte dos bispos de tres das nosas dioceses: Santiago de Compostela, Mondoñedo-Ferrol e Tui-Vigo. Este proxecto, longamente agardado, nacía como froito dunha visita apostólica aos seminarios maiores de España e tras o encontro, o ano anterior, dos membros da Conferencia Episcopal Española co papa Francisco e o Dicasterio para o Clero. Foi o primeiro seminario interdiocesano en España que nacía baixo o impulso do papa Francisco. Pero en que sentido este proxecto representa algo novo con relación ao que existía antes?

A primeira vista poderíamos dicir que pouco: a maioría dos seminaristas son os mesmos, o equipo formativo xa traballaba no acompañamento espiritual e intelectual dos candidatos, o Interdiocesano ocupa o espazo físico do antigo Seminario Maior de Santiago e a formación académica segue dependendo do Instituto Teolóxico Compostelán. Poderíase incluso pensar noutras razóns, certas, pero non nucleares, como a escaseza de vocacións ao ministerio ordenado en cada unha das dioceses, ou a necesidade de xuntar forzas e recursos, tanto a nivel humano como económico.

Pero estes motivos son secundarios fronte a algo máis nuclear: o Interdiocesano é a cristalización, no ámbito da formación dos futuros presbíteros, da necesidade urxente de «camiñar xuntos»

---

<sup>1</sup> Teólogo. Foi director do Instituto Teolóxico Compostelán. Na actualidade é reitor do Seminario Maior Interdiocesano «Apóstolo Santiago».